

PACTO COLECTIVO SOBRE SELECCIÓN TEMPORAL DE PERSOAL

A Xerencia e o Comité de Empresa da F.P. Hospital da Barbanza acordan a publicación do pacto colectivo sobre selección temporal de diversas categorías de persoal.

a) Normas Xerais:

a.1.- Vixencia do Pacto Colectivo:

Este pacto entrará en vigor para tódalas categorías excepto facultativos ó día seguinte da publicación no D.O.G. e terá vixencia dun ano a partir da mesma. As listas que se elaboren en virtude da pertinente convocatoria pública terán, así mesmo, unha vixencia dun ano a partir da súa publicación no D.O.G., sen prexuízo de que se por calquera circunstancia non estiveran publicadas as do ano seguinte entenderanse éstas automaticamente prorrogadas ata a publicación das que as substitúan.

A vixencia dun ano para as novas listas na categoría de facultativos comezará a computar a partir do 24 de xullo de 2004, continuando en funcionamento ata ese momento as vixentes na actualidade.

a.2.- Ámbito de Aplicación do pacto colectivo:

Será de aplicación na F.P. Hospital da Barbanza.

Afectará a tódalas vinculacións temporais, a través das contratacións que se formalicen, das categorías de PSX, Auxiliar de enfermería, Técnico Especialista en Laboratorio/Técnico Especialista en Radiodiagnóstico, ATS/DUE, Fisioterapeuta e Traballador Social.

Na categoría de Facultativos, afectará ás especialidades de Anestesioloxía, Pediatría, Cirurxia Xeral e Dixestiva, Xinecoloxía e Obstetricia, Traumatoloxía, Radioloxía, Medicina Interna, Dermartoloxía, Nefroloxía, Hematoloxía, Análises Clínicos, Farmacia Hospitalaria, Dixestivo, Rehabilitación, Reumatoloxía, Psicoloxía Clínica, Uroloxía, Otorrinolaringoloxía, Médicos de Urgencias e Endocrinoloxía.

a.3.- Sistema de Contratacións:

As listas elaboraranse por categoría profesional, e dentro da categoría de Facultativos, por especialidade.

a.4.- Formalización de Solicitudes:

Unha vez publicado este pacto colectivo no Diario Oficial de Galicia, convocarase ós aspirantes, mediante acordo da Xerencia que se publicará no DOG e na F.P.H.B., concedéndolles un prazo máximo de 15 días naturais a partir do seguinte ó da data de publicación no DOG, para que presenten a súa solicitude no modelo normalizado, en unión da documentación que sexa pertinente. Igualmente, daráselle a publicidade adecuada á convocatoria, a través da inserción dun anuncio en alomenos un diario de difusión xeral.

Habílitase o seguinte número de teléfono no que os interesados poderán obter información sobre o presente Pacto Colectivo, de luns a venres de 9 a 14 horas: 981835923.

Para poder formula-la solicitude, os aspirantes deben ter cumpridos os 18 anos de idade e non excede-la idade de xubilación forzosa, acredita-la nacionalidade española ou dun país da Unión Europea e posuí-la titulación que habilita para o exercicio da profesión correspondente. Na categoría de Facultativos, poderán inscribirse os Residentes do último ano que cumpran os requisitos con anterioridade á data de formalización do contrato.

A inscrición en dúas ou máis listas que sexan incompatibles entre si suporá a exclusión do candidato das mesmas, sen prexuízo do seu dereito a reclamación no prazo establecido para elo.

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude debidamente cumprimentada, a fotocopia do DNI, fotocopia autenticada do título, certificado de servicios prestados e xustificante de ter aboado as taxas de inscrición no modelo de autoliquidación de taxas.

A acreditación dos méritos alegados requirirá a incorporación de documentos auténticos ou fotocopias compulsadas dos mesmos.

a.5.- Elaboración de listas:

Elaboraranse as seguintes clases de listas:

- Listas Pool: Para a cobertura de postos de traballo de curta duración, non superiores a 8 días, nas categorías de ATS/DUE, Auxiliar de Enfermería, Técnico Especialista en Laboratorio e Técnico Especialista en Radiodiagnóstico. A inscrición nestas listas suporá que o candidato se atopa nunha situación de dispoñibilidade que fai posible a súa localización e presenza inmediata cando sexa requerida.

Os aspirantes que soliciten a inclusión nestas listas exercitarán a súa opción consignandoa no epígrafe específico do modelo formalizado da solicitude, quedando excluídos da lista principal.

Ás persoas que permanezan durante a vixencia de toda a convocatoria nesta lista pool formalizándose con elas a lo menos un contrato, asignaráselle 5 puntos. De ser chamadas e non acudir sen causa xustificada non terán dereito a estes 5 puntos.

- Listas especiais: Para a cobertura de postos de traballo nas áreas de Reanimación, Quirófano e Hemodiálise para a categoría de ATS/DUE; nas áreas de Quirófano e Hemodiálise para Auxiliares de Enfermería; e nas áreas de Admisión e Arquivo na categoría de PSX. A inscrición nestas listas especiais será compatible coa inscrición na lista xeral.

- Lista Xeral: Para vinculacións temporais superiores a 8 días nas categorías de PSX, Auxiliar de Enfermería, ATS/DUE, TEL, TER, Fisioterapeuta e Traballador Social.

Nas categorías de PSX, Fisioterapeuta e Traballador Social, nas que desaparece a lista Pool, acudirase á lista xeral calquera que sexa a duración do contrato.

- Lista de Promoción Interna: poderán inscribirse nelas aqueles traballadores da F.P. H. da Barbanza con praza en propiedade de igual ou inferior grupo ó da categoría obxecto de vinculación, que leven a lo menos un ano en activo.

As listas provisionais publicaranse nos taboleiros de anuncios da F.P.H.B., na Delegación Provincial de Sanidade e na Secretaría Xeral do Sergas, incluíndo a relación dos aspirantes admitidos e dos excluídos coas puntuacións obtidas, establecéndose unha orde de prelación e as causas de exclusión correspondentes.

Os interesados poderán formular, no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do seguinte á data de publicación, reclamación por escrito en calquera dos organismos citados anteriormente.

Resoltas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas nos mesmos lugares que as anteriores, ante as que caberá a presentación dun recurso perante a Comisión Paritaria no prazo máximo dun mes desde a súa publicación.

a.6.- Xestión das listas:

A xestión das listas cos chamamentos dos aspirantes levarase a cabo na dirección da F.P. Hospital da Barbanza. Para efectuar os chamamentos seguirase rigorosamente a orde de puntuación acreditada polos aspirantes en cada lista, chamándose aquela persoa que estea dispoñible coa maior puntuación.

Para as vinculacións mediante un contrato de interinidade, os aspirantes serán avisados mediante carta ou telegrama. No resto dos supostos avisarase telefonicamente. En todo caso quedará constancia da data e hora na que cada aspirante sexa requerido.

De constatare un erro material ou de feito no chamamento e posterior vinculación temporal executado a prol dun aspirante que pola súa orde de puntuación non lle corresponda, procederase pola Dirección do Centro, no prazo dos 15 días seguintes ó seu chamamento, a extinción do contrato expedido por tal circunstancia, de todo o cal se dará cumprida información á Comisión Paritaria de seguimento do pacto na súa seguinte reunión.

Cando un aspirante preste servizos na Fundación en virtude dun ou varios chamamentos por un período superior a un ano, pasará a ocupar o derradeiro número de orde nas listas, co obxecto de favorecer a rotación dos aspirantes incluídos nas mesmas. No caso de xurdir unha interinidade en praza vacante, será cuberta pola persoa que teña maior puntuación na lista, incluídas aquelas que tivesen pasado ó final da lista por este motivo.

a.7.- Promoción profesional temporal:

Farase unha reserva do 50% das necesidades nos supostos de formalizacións de vínculos de interinidade en praza vacante e demais que se estimen, inicialmente, de duración igual ou superior a dous meses, para o persoal con praza en propiedade de igual ou inferior grupo ó da categoría obxecto de vinculación, que leve alomenos un ano en activo. Os aspirantes poderán solicitar a inclusión nas devanditas listas de promoción temporal nos prazos que se determinen en cada convocatoria.

a.8.- Seguimento do pacto colectivo:

Para o seguimento do pacto colectivo constituirase unha comisión paritaria, integrada por 6 membros, 3 designados pola Xerencia e 3 polo Comité de Empresa. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Director da Fundación.

Os acordos adoptaranse por maioría dos presentes.

a.9.- Penalizacións:

De non existir causas xustificadas de renuncia á oferta dun contrato, ou ben a un xa formalizado, será penalizado o aspirante pasando ó fin da lista da súa categoría. A penalización acordada terá unha duración dun ano, ou ben ata o final da vixencia das listas, se este período fose inferior, dende que a medida se faga efectiva. A adopción da medida penalizadora seralle notificada ó aspirante afecto con carácter inmediato.

Os incumprimentos que determinan a imposición de penalización son todos aqueles que non se atopen incluídos dentro dos mencionados no parágrafo seguinte como supostos admitidos como renuncia sen penalización.

Admitirase renuncia á oferta sen penalización algunha sempre que se xustifique de forma suficiente e no prazo dun mes dende a dita oferta, nos seguintes supostos:

- ✓ Maternidade ou adopción legal
- ✓ Exercicio de representación sindical
- ✓ Matrimonio
- ✓ Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- ✓ Asistencia a exames oficiais
- ✓ Atoparse traballando noutra institución, excepto para os aspirantes ás listas Pool, nas que non se considerará unha causa xustificada
- ✓ Enfermidade
- ✓ Calquera outra de entidade suficiente que se considere oportuno ó criterio da comisión central de seguimento.

Serán excluídos definitivamente da lista os aspirantes que incorresen en incumprimentos graves, tanto derivados da súa calidade de aspirante inscrito na lista

coma do concreto desempeño do posto de traballo. Será considerado incumprimento grave a renuncia a un contrato previamente consensuado coa dirección da fundación e aínda non formalizado por escrito, cando a razón sexa a posterior aceptación dun contrato en condicións inferiores noutra institución sanitaria ou coa súa renuncia poñan en perigo a continuidade da prestación asistencial.

En todo caso, esta renuncia deberá ser comunicada á Dirección da Fundación cunha antelación mínima de 10 días.

Tamén poderán ser excluídas das listas aquelas persoas que no desenvolvemento dun contrato temporal anterior na F.P.H.B. foran sancionadas por falta grave o moi grave nun expediente disciplinario ou non tiveran superado o correspondente período de proba.

Para facer efectivas as ditas exclusións seguirase un procedemento perante a Comisión paritaria no que se garanta, en todo caso, a audiencia do interesado.

Na oferta dun contrato con redución de xornada, os aspirantes da lista xeral poderán negarse a aceptalo a primeira vez que se lles ofrezca. De renunciar a totalidade dos inscritos na lista, iniciarase unha segunda volta na que a aceptación será obrigatoria para o aspirante ó que lle corresponda por puntuación. De xurdir posteriormente un contrato a tempo completo superior ós catro meses de duración, deberá ser ofrecido a esta persoa en primer lugar.

a.10.- Disposicións especiais:

Cando sexa preciso cubrir necesidades de vinculación temporal non superior a catro meses de ATS/DUE que se produzan nas áreas de Reanimación, Quirófano e Hemodiálise, e de Auxiliar de Enfermería nas áreas de Quirófano e Hemodiálise, os aspirantes que acrediten experiencia profesional nas citadas áreas farano constar no espazo reservado para o efecto nas solicitudes que formulen, achegando, en todo caso, certificación acreditativa da experiencia expedida polo centro sanitario correspondente.

Do mesmo xeito o farán constar aquelas persoas que acrediten experiencia nas áreas de Admisión ou Arquivo.

O chamamento para tales áreas, farase seguindo a orde de prelación da lista e a prol das persoas que acrediten a experiencia aludida.

b.- Criterios de Selección:

A puntuación por méritos que acaden os aspirantes determinará a súa orde na lista.

Os empates dirimiranse a prol do aspirante que acredite maior tempo como desempregado total e non subsidiado. De persisti-lo empate ou ben de tratarse de persoal de promoción profesional, resolverase a favor do aspirante que acredite unha maior experiencia profesional e, de persisti-lo empate, dirimirase mediante unha entrevista personal.

Nas listas especiais, os empates dirimiranse a prol do aspirante que teña maior puntuación na lista xeral.

Os aspirantes á categoría de Persoal de Servicios Xerais (PSX), poderán ser obxecto dunha proba de aptitude de carácter informático, que de non superala suporá o paso ó final da lista.

Os aspirantes ás listas de TEL, TER e ás especiais de Quirófano e Diálise deberán acreditarlo coñecemento dos instrumentos de traballo empregados nesta fundación, podendo para elo realizar con carácter previo ó seu chamento un periodo de prácticas que de non ser superado suporá o paso ó final da lista.

c.- Aboamento de taxas:

De acordo co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, a taxa de inscrición nas listas para tódalas categorías é de 15, 30 euros.

Asdo.: Salustiano Gonzalez Vinagre
Director da Fundación

Asdo.: José Manuel Fandiño Orgeira
Presidente do Comité de Empresa

ANEXO I : BAREMACIÓN DO CURRICULUM

Para tódalas categorías, a experiencia profesional acreditarase mediante certificado de servicios prestados emitido pola empresa ou, no seu defecto, copia compulsada dos contratos acompañados da certificación de vida laboral.

No caso de servicios prestados nos países membros da Unión Europea, acreditarase si é unha institución pública ou privada.

Ós días soltos aplicaráselles a parte proporcional para a contaxe do tempo traballado.

Ás persoas que no proceso anterior permaneceran nunha das listas pool que neste proceso desapareceron conservaráselle os 5 puntos correspondentes.

BAREMO FACULTATIVOS:

1.- FORMACIÓN CONTINUADA:

A.- Facultativos de Urgencias:

A.1 Especialidade

- ✓ Especialidade en Médico de Familia vía M.I.R. → 20 puntos.
- ✓ Outras especialidades vía M.I.R. → 15 puntos.
- ✓ Especialistas por outras vías → 5 puntos.

A puntuación máxima deste primer apartado de formación continuada será de 20 puntos

A.2 Cursos, Relatorios e Publicacións

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos → 0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Nacionais → 0,25 puntos.
- ✓ Publicacións nacionais → 0,25 puntos.
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais. → 0.5 puntos.

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

A3.Docencia

Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 10 horas o 1 crédito → 0,5 puntos.

A puntuación máxima dos apartados A2 e A3 de formación continuada será de 18.50 puntos

A.4 Doctorado.

- ✓ Tesina ou exame de grao → 1 puntos.
- ✓ Suficiencia investigadora → 4 puntos.
- ✓ Grao de Doctor → 4 puntos.

A puntuación máxima deste cuarto apartado de formación continuada será de 9 puntos

A puntuación máxima do apartado de formación no seu conxunto será de 47.50 puntos.

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

B. RESTO DE FACULTATIVOS

B.1 Especialidade

- ✓ Especialidade vía M.I.R, P.I.R, F.I.R, Q.I.R. ou B.I.R. →20 puntos.

A puntuación máxima deste primer apartado de formación continuada será de 20 puntos

B.2 Cursos, Relatorios e Publicacións

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Nacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións nacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais. →0.5 puntos.

Teranse en conta somentes ós relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

B3.Docencia

Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 10 horas o 1 crédito →0,5 puntos.

A puntuación máxima dos apartados B2 e B3 de formación continuada será de 18.50 puntos

B.4 Doctorado.

- ✓ Tesina ou exame de grao → 1 puntos.
- ✓ Suficiencia investigadora → 4 puntos.
- ✓ Grao de Doctor → 4 puntos.

A puntuación máxima deste cuarto apartado de formación continuada será de 9 puntos

A puntuación máxima do apartado de formación no seu conxunto será de 47.50 puntos.

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

A.- Facultativos de Urgencias:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como médico de urgencias hospitalarias nunha Institución Pública Sanitaria coa que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como médico de urgencias hospitalarias noutras institucións públicas sanitarias: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como médico de urgencias hospitalarias nunha Institución Sanitaria Privada ou Organización Non Gubernamental: 0,4 puntos.

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados noutras categorías médicas en Institucións Públicas Sanitarias : 0,3 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados noutras categorías médicas en institucións sanitarias privadas ou Organización Non Gubernamental: 0,2 puntos.

Só se valorará a experiencia profesional posterior á obtención do título acreditativo da especialidade

- ✓ Por cada ano como membro dunha Comisión ou Órgano técnico consultivo nunha Institución Pública Sanitaria: 0.75 puntos, sempre que se acredite mediante certificado emitido por órgano competente.

A puntuación máxima neste apartado será de 150 puntos.

B.- Resto de Facultativos:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados na especialidade á que se opta nunha Institución Pública Sanitaria coa que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados na especialidade á que se opta noutras institucións públicas sanitarias: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados na mesma especialidade en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados na mesma especialidade en institucións sanitarias privadas ou Organizacións Non Gubernamentais: 0,3 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados noutras categorías médicas en Institucións Públicas Sanitarias : 0,2 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados noutras categorías médicas en institucións sanitarias privadas ou Organizacións Non Gubernamentais: 0,1 puntos.

Só se valorará a experiencia profesional posterior á obtención do título acreditativo da especialidade

- ✓ Por cada ano como membro dunha Comisión ou Órgano técnico consultivo nunha Institución Pública Sanitaria: 0.75 puntos, sempre que se acredite mediante certificado emitido por órgano competente.

A puntuación máxima neste apartado será de 150 puntos.

3.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación á lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega ou validación: 5 puntos.

Será necesario remitir orixinal ou fotocopia compulsada do título ou da certificación de validación.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

4.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

Por ter superadas tódalas fases do proceso selectivo do ano 2.001 da fundación pública hospital da Barbanza (D.O.G. do 5 de setembro de 2.001) na especialidade á que se opta : 12 puntos

BAREMO DE ATS/ DUE:

1.- FORMACIÓN ACADÉMICA:

Será esixible o título de ATS/DUE

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

Para postos de ATS/DUE en servizos especiais como: Hemodiálise, Reanimación e Quirófano:

- ✓ Por cada mes completo de prácticas nestes servizos: 1 punto (máximo 3 puntos)

A puntuación máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servizos prestados como ATS/DUE en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como ATS/DUE noutras institucións sanitarias públicas: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como ATS/DUE en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como ATS/DUE en institucións sanitarias privadas ou Organizacións non Gubernamentais : 0,3 puntos.

Para postos de ATS/DUE en servicios especiais como: Hemodiálise, Reanimación e Quirófano:

- ✓ Por cada mes completo nestes servicios especiais : 1 punto (máximo 3 puntos).

Requerirase un mínimo de 1 mes traballado ou en prácticas nestes servicios para poder acceder ó posto.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

6.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

- ✓ Por ter superado o proceso selectivo completo á Fundación Pública hospital da Barbanza, convocado por Acordo do 4 de agosto de 2.001 (D.O.G. nº 172, de 5 de decembro), na categoría á que opta: 12 puntos

BAREMO DE FISIOTERAPEUTAS

1.- FORMACION ACADEMICA:

Será esixido o título de Diplomado en Fisioterapia.

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

A puntuación máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Fisioterapeuta en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Fisioterapeuta noutras institucións sanitarias públicas: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Fisioterapeuta en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Fisioterapeuta en institucións sanitarias privadas ou Organizacións non Gubernamentais : 0,3 puntos.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

6.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

- ✓ Por ter superado o proceso selectivo completo á Fundación Pública hospital da Barbanza, convocado por Acordo do 4 de agosto de 2.001 (D.O.G. nº 172, de 5 de decembro), na categoría á que opta: 12 puntos

BAREMO DE TRABALLADOR SOCIAL

1.- FORMACION ACADEMICA:

Será esixida a titulación de Diplomatura en Traballo Social.

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

A duración máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Traballador Social en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Traballador Social noutras institucións sanitarias públicas: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Traballador Social en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Traballador Social en institucións sanitarias privadas ou Organizacións non Gubernamentais : 0,3 puntos.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

BAREMO DE TÉCNICOS ESPECIALISTAS (TER, TEL)

1.- FORMACION ACADEMICA:

Será esixida a titulación de Técnico Especialista en Laboratorio/ Técnico Especialista en Radiodiagnóstico.

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

A duración máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como TER/TEL en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como TER/TEL noutras institucións sanitarias públicas: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como TEL/TER en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como TEL/TER en institucións sanitarias privadas ou Organizacións non Gubernamentais : 0,3 puntos.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

6.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

- ✓ Por ter superado o proceso selectivo completo á Fundación Pública hospital da Barbanza, convocado por Acordo do 4 de agosto de 2.001 (D.O.G. nº 172, de 5 de decembro), na categoría á que opta: 12 puntos

BAREMO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA

1.- FORMACION ACADEMICA:

Será esixida a titulación de Auxiliar de Enfermería.

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,5 puntos.
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta soamente os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

Para postos de Auxiliar de Enfermería en servicios especiais como Hemodiálise e Quirófano:

- ✓ Por cada mes completo de prácticas nestes servicios especiais: 1 punto (máximo 3 puntos).

Requerirase un mínimo de 1 mes traballado ou en prácticas nestes servicios para poder acceder ó posto.

A puntuación máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Auxiliar de Enfermería en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Auxiliar de Enfermería noutras institucións sanitarias públicas: 0,5 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Auxiliar de Enfermería en centros residenciais prestadores de servicios sociais de titularidade e xestión pública: 0,4 puntos
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como Auxiliar de Enfermería en institucións sanitarias privadas ou Organizacións non Gubernamentais : 0,3 puntos.

Para postos de Auxiliar de Enfermería en servicios especiais como Hemodiálise e Quirófano:

- ✓ Por cada mes completo nestes servicios especiais :2 puntos, (máximo 30 puntos).

Requerirase on un mínimo de 1 mes traballado ou en prácticas nestes servicios para poder acceder ó posto.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

6.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

- ✓ Por ter superado o proceso selectivo completo á Fundación Pública hospital da Barbanza, convocado por Acordo do 4 de agosto de 2.001 (D.O.G. nº 172, de 5 de decembro), na categoría á que opta: 12 puntos

BAREMO PERSOAL SERVICIOS XERAIS (PSX)

1.- FORMACION ACADEMICA:

Será esixida a titulación de Graduado Escolar.

2.-FORMACIÓN CONTINUADA:

- ✓ Cursos acreditados de Informática: Por cada 10 horas →0,5 puntos
- ✓ Cursos acreditados (que non sexan de informática), sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: Por cada 20 horas ou 2 créditos →0,4 puntos
- ✓ Relatorios a Congresos Internacionais →0,25 puntos.
- ✓ Publicacións Nacionais →0,25 puntos
- ✓ Publicacións e relatorios internacionais →0,5 puntos

Teranse en conta somentes os relatorios e publicacións nos que o candidato apareza como 1º, 2º, 3º ou 4º asinante.

Docencia:

- ✓ Horas acreditadas como docente, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta: por cada 10 horas ou 1 crédito →0,25 puntos

Será necesario achegar orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos con expresión, no seu caso, do número de créditos ou horas acreditadas da acción formativa.

Para postos de PSX en servicios de admisión e arquivo:

- ✓ Por cada mes completo de prácticas nestes servicios: 1 punto (máximo 3 puntos).

A duración máxima neste apartado será de 33 puntos.

3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como PSX ou Auxiliar Administrativo en Institucións Sanitarias Públicas coas que exista un criterio de reciprocidade na valoración da experiencia profesional: 0,8 puntos.
- ✓ Por cada mes completo de servicios prestados como PSX ou Auxiliar administrativo, en admisión ou servicios de atención ó usuario noutras institucións públicas ou privadas: 0,5 puntos.

Para postos de PSX en servicios de admisión:

- ✓ Por cada mes completo nestes servicios de admisión ou atención ó usuario: 2 puntos (máximo 30 puntos)

Para postos de PSX en servicios de Archivo:

- ✓ Por cada mes completo nestes servicios : 2 puntos (máximo 30 puntos).
- ✓ Por cada mes completo traballado como documentalista clínico: 2 puntos (máximo 30 puntos).

Requerirase un mínimo de 1 mes traballado ou en prácticas nestes servicios para poder acceder ó posto.

A puntuación máxima será de 150 puntos.

4.- DESEMPREGO:

Por cada mes en situación de desemprego: 0,05 puntos ata un máximo de dous anos, que será acreditado coa presentación da certificación de vida laboral.

5.-LINGUA GALEGA:

- ✓ Pola realización do curso de iniciación de lingua galega ou validación: 2 puntos.
- ✓ Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega ou validación: 5 puntos.

A puntuación máxima será de 5 puntos.

6.- SUPERACIÓN PROCESO SELECTIVO

- ✓ Por ter superado o proceso selectivo completo á Fundación Pública hospital da Barbanza, convocado por Acordo do 4 de agosto de 2.001 (D.O.G. nº 172, de 5 de decembro), na categoría á que opta: 12 puntos